<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Efectos da enerxía térmica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos e en experiencias de laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc. ▪ FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil. ▪ FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas. 	X	X	X	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións. ▪ Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil. ▪ Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita ▪ Proba escrita ▪ Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Fontes de enerxía. ▪ B5.10. Aspectos industriais da enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental. 	X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC

Nota 1: o procedemento de avaliación consistirá en empregar en cada caso o instrumentos de avaliación referido.

Temporalización do curso

O número de horas semanais para a materia é de 3, conforme ao Anexo IV do Decreto 86/2015. Por outro lado, na Orde do 20 de maio de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o comezo do curso para o 8 de Setembro de 2022 e o remate do mesmo para o 21 de Xuño de 2023.

En base ao anterior o curso terá 30 semanas lectivas (máis 2 semanas adicadas á avaliación final de xuño), sendo o número de sesións de 90, repartidas do seguinte xeito:

- 1º Trimestre: 10 semanas e 30 sesións
- 2º Trimestre: 10 semanas e 30 sesións
- 3º Trimestre: 10 semanas e 30 sesións

Co obxecto de flexibilizar a programación e para facer fronte a posibles imprevistos, non se contabilizará dúas sesións en cada trimestre e ademais preveranse sesións destinadas exclusivamente á avaliación.

O reparto de semanas e sesións farase por bloques tal como segue:

- 1º Trimestre: 30 horas
 - Bloque 1. A actividade científica: 6 horas
 - Bloque 4. O movemento e as forzas: 20 horas
 - Avaliación: 2 horas
 - Imprevistos: 2 horas

- 2º Trimestre: 30 horas
 - Bloque 4. O movemento e as forzas: 4 horas
 - Bloque 5. Enerxía: 8 horas
 - Bloque 2. A materia: 13 horas
 - Avaliación: 3 horas
 - Imprevistos: 2 horas

- 3º Trimestre: 30 horas
 - Bloque 2. A Materia: 12 horas
 - Bloque 3. Os cambios: 12 horas
 - Avaliación: 4 horas
 - Imprevistos: 2 horas

Esta asignación desenrolase máis detalladamente a continuación na secuenciación de unidades didácticas.

Secuenciación das unidades didácticas

Trimestre	Bloque	Unidades didácticas	Sesións
1º	1.- A actividade científica	UD1.- A materia e a medida	6
	4.- O movemento e as forzas	UD5.- Forzas e movementos	20
2º		5.- Enerxía	UD6.- Forzas na natureza
	UD7.- A enerxía		3
	2.- A materia	UD8.- Temperatura e calor	5
		UD2.- Estados da materia	13
3º	3.- Os cambios	UD3.- A diversidade da materia	12
		UD4.- Cambios na materia	12

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

A estratexia metodolóxica vai a misturar a exposición coa indagación. A exposición por parte do profesor consistirá en presentar ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Complementariamente o alumnado realizará actividades ou traballos de aplicación ou indagación, que posibiliten o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Deste xeito combínase a aprendizaxe de contidos coa de procedementos, e desenvólvense actitudes e valores a partir da reflexión e do esforzo.

Principios metodolóxicos

A metodoloxía empregada vai a estar cimentada na variedade, tendo como principios básicos a alternancia entre o método deductivo, que parte de premisas xerais para chegar a una conclusión particular ou concreta, e o método inductivo, que parte de fenómenos particulares para chegar a conclusións xerais. Ademais terase moi presente o nivel de coñecementos do alumnado e buscarase unha actitude activa pola súa parte.

Secuencia de actividades

Esta metodoloxía levarase a cabo de forma xeral seguindo a secuencia de actividades que se refire a continuación:

- Realización de exercicios, problemas e simulacións. Procúrase deste xeito crear situacións que requiren reflexión, o que axuda a establecer relacións entre conceptos, entre conceptos e procedementos e a valorar diferentes estratexias de actuación. Ademais, coa finalidade de respectar os diferentes ritmos de aprendizaxe, e polo tanto para un mellor tratamento da diversidade, teranse preparadas algunhas actividades de reforzo e consolidación de coñecementos.

- Traballo práctico apropiado. Buscase que os alumnos sexan capaces de comprender, relacionar e aplicar os conceptos científicos abstractos.

- Traballos de investigación. Desta forma inténtase complementar os dous apartados previos, e aparte fomentar a búsqueda de información, a selección da mesma e a súa preparación para ser presentada, conseguindo que os alumnos sexan participativos e cooperativos pero tamén autónomos e críticos. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento, facer uso do compendio de novos coñecementos adquiridos e perseguirse o mostrar a funcionabilidade destes en problemáticas sinxelas que se poden presentar na nosa vida diaria, na ciencia o na técnica.

- Debate. Persegue afianzar a autonomía, o espírito crítico, o respecto e a tolerancia do alumnado. Este debate poderá ter lugar entre alumnos e profesor ou entre os propios alumnos sen participación activa do profesor.

Agrupamentos do alumnado

Os alumnos distribuiranse en parellas a maior parte do tempo, buscando desenrolar o traballo colaborativo sen perder de vista a aprendizaxe individual. Sen embargo, para os traballos de investigación e as prácticas formaranse grupos, de 3 a 5 alumnos por término medio, para fomentar a sociabilidade, a tolerancia e a cooperación, e puntualmente farase un gran grupo de toda a clase para os debates, co obxecto de potenciar a confrontación de ideas, afacéndose o alumno a defender as súas opinións e xuízos de valor con argumentos, e a respetar as opinións dos compañeiros.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR.

O libro de texto empregado será: Física e Química 2º ESO- Ed. Santillana.

Ademais utilizaranse tamén follas de actividades, exercicios e problemas, textos científicos, literarios e xornalísticos, gráficos...

Como material manipulable farase uso de instrumentos de debuxo e representación, así como, de ser posible, do equipamento de laboratorio dispoñible.

En canto as TIC, estas xogarán un papel moi importante para o alumno á hora de buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Neste eido empregaranse follas de cálculo e programas de presentacións, formularios, o correo electrónico, plataformas de videoconferencia, simuladores, vídeos e documentais de distintas páxinas web, e tamén, a aula virtual do instituto.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Tipos de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá lugar temporalmente do seguinte xeito:

- Avaliación inicial: durante as sesións da primeira semana realizaranse probas escritas ou orais co obxecto de coñecer cal é o nivel de coñecemento da materia do alumnado.

As probas cumprimentaranse coa observación e coa recollida de datos do alumno a partir do seu historial académico e da información que poidan facilitar outros profesores. Esta avaliación non será puntuable.

- **Avaliación continua:** desenrolarase ao longo de todo o curso coa finalidade de valorar o progreso do alumnado. Para elo manterase actualizado un rexistro de cada alumno no que se recolleran os datos relativos as probas realizadas, traballos, prácticas e desenvolvemento na aula e no laboratorio.

- **Avaliación final:** terá como obxectivo poder valorar globalmente o aprendido polo alumno e farase a partires dos traballos e probas feitos por este.

A avaliación farase en base aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe que figuran no Decreto 86/2015 para a materia.

Os procedementos que se seguirán para levar a cabo a avaliación serán a observación, a cumprimentación de rexistros e escalas de valoración, e a realización de probas escritas ou exames. Como instrumentos de avaliación empregaranse os rexistros, as escalas de valoración e os exames.

Criterios de cualificación

Para a cualificación teranse en conta os resultados das probas escritas que se realizarán por avaliación, así como o traballo e o desenvolvemento do alumno, de modo que a ponderación, de forma xenérica, será:

- **80%:** promedio das probas escritas, que serán, por termo xeral, dúas por avaliación.
- **10%:** valoración da realización de traballos e/ou prácticas.
- **10%:** valoración do desenvolvemento diario do alumno na aula e no laboratorio.

Para poder aprobar a avaliación a media ponderada deberá ser igual ou superior a 5.

No que atinxe aos exames ou probas escritas:

- Os exames terán unha cualificación positiva cando a nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.

- O seu formato será, por regra xeral, o de exercicios baseados en problemas e/ou cuestións sobre a materia.

- Nas probas indícarase o valor numérico de cada unha das preguntas que as constitúen.

No que atinxe aos traballos e prácticas:

- A presentación de traballos e informes fóra de prazo terá as seguintes penalizacións:
 - 1 día natural de retraso → 25% de desconto na nota acadada.
 - 2 días naturais de retraso → 50% de desconto na nota acadada.
 - 3 días naturais de retraso → 75% de desconto na nota acadada.

- 4 días naturais de retraso → a nota acadada será un cero.

Recuperacións

A recuperación de avaliacións realizarase da seguinte forma:

- Para a 1ª avaliación: consistirá nunha proba escrita a realizar a comenzos do trimestre seguinte e dará lugar a nova cualificación da avaliación, sempre e cando a nota sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5. A esta proba deberán ir aqueles alumnos que non aproben a 1ª avaliación.

- Para a 2ª avaliación: consistirá nunha proba escrita a realizar a comenzos do trimestre seguinte e dará lugar a nova cualificación da avaliación, sempre e cando a nota sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5. A esta proba deberán ir aqueles alumnos que non aproben a 2ª avaliación.

- Para aqueles alumnos que, rematada a avaliación previa a avaliación final, teñan un promedio das tres avaliacións inferior a 5, as recuperacións das avaliacións suspensas consistirán na realización de probas escritas. Estas probas levaranse a cabo no mes de xuño e darán lugar as novas cualificacións das avaliacións, sempre e cando as notas sexan superiores a xa acadadas. Para poder aprobar cada avaliación a nota da recuperación correspondente deberá ser igual ou superior a 5.

Avaliación final

A cualificación final obterase a partir do promedio das tres avaliacións. Para superar a materia haberá que obter un mínimo de 5 puntos.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Para os alumnos que teñan pendente a materia de 2º procederase do seguinte xeito:

- Se o alumno supera a materia no curso posterior, esta quedará automaticamente recuperada cunha cualificación de 5.

- Antes do mes de maio levarase a cabo unha proba escrita global sobre a materia. O alumno pode optar por presentarse directamente a esta proba e de obter unha cualificación igual ou superior a 5, a materia darase por recuperada.

- Os alumnos teñen tamén a posibilidade de facer e entregar un conxunto de actividades propostas (exercicios, problemas, cuestións...) en dúas datas ao longo de curso. En decembro recolleranse as actividades correspondentes aos bloques de química e en marzo as correspondentes aos bloques de física. A cualificación destas actividades suporá un 50% da cualificación total e o 50% restante obterase da proba escrita a efectuar antes do mes de maio. Se a media ponderada das actividades e da proba é igual ou superior a 5, a materia darase por recuperada.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Durante a primeira semana do curso realizarase unha avaliación inicial ao alumnado co obxectivo de coñecer o seu grao de adquisición das aprendizaxes e das competencias, e de identificar as súas dificultades e as súas necesidades de atención educativa.

O procedemento de avaliación basearase nos seguintes puntos:

- a) análise dos informes individualizados do curso anterior.
- b) detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e a falta de desenvolvemento da competencia correspondente. Para elo recurrirase a realización dunha proba escrita e a observación do alumnado.
- c) coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación personal.

Os resultados obtidos non terán peso na cualificación do alumnado, pero unha vez analizados proporcionarán a información necesaria para tomar as medidas (individuais e colectivas) de reforzo e de atención a diversidade pertinentes.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado.

Aceptando de partida que o nivel dos alumnos non é homoxéneo, debido elo as circunstancias referidas no párrafo anterior, propóñense as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, buscando con elo a complementación entre os alumnos que están máis adiantados e os que van rezagados.
- Actividades de consolidación e reforzo de coñecemento nas unidades didácticas.
- Emprego de diferentes recursos e materiais, tales como a información escrita e audiovisual, obxectos manipulables na medida do posible ou as novas tecnoloxías; co fin de tratar de transmitir de diferentes maneiras os coñecementos e poder chegar deste xeito a un maior número de alumnos.

Por outra banda defínese na LOMCE e no Decreto 86/2015 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo NEAE, como o que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por trastorno por déficit de atención e hiperactividade

(TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

No caso de se detectar algún caso de alumno con NEAE será tratado en estreita colaboración co Departamento de Orientación do centro.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.

No Artigo 4 do Decreto 86/2015 establécense unha serie de elementos transversais ou valores de índole pedagóxica, como poden ser a comprensión lectora, oral e escrita, o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento ou a educación cívica, que deben ser obxecto de tratamento en tódalas materias.

Para para traballar estes elementos, como xa se referiu no apartado de competencias, fomentárase a análise e a elaboración de textos e as exposicións orais, impulsárase o emprego de plataformas de aprendizaxe on-line, procurárase que os alumnos teñen unha actitude participativa e crítica na aula e no laboratorio, e promoveranse os traballos grupais.

O artigo tamén fai fincapé noutros valores cuxo aprendizaxe responde a necesidades sociais, como son a liberdade, a xustiza, a igualdade, a pluralidade, a paz, a democracia, a non discriminación ou a non violencia en xeral, e particularmente a prevención da violencia de xénero e contra persoas con discapacidade.

Para tratar de satisfacer esta demanda educativa en valores sociais potenciarase, sobre todo naquelas actividades propicias para levar a cabo traballos colectivos, a tolerancia, a integración, a solidariedade, o respecto e a cooperación entre o alumnado.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Á hora de programar estas actividades debemos ter en conta, ademais da adecuación ao currículo:

- que non se fixeran con anterioridade en primaria.
- a coordinación, sempre que sexa posible, con outros departamentos.

Por parte da materia de Física e Química prantéxase a posibilidade de organizar algunha charla didáctica no instituto no segundo trimestre, así como de responder a algunha das iniciativas da Xunta que chegan ao centro ao longo do curso.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deben elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos

lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias clave.

As actividades programadas para favorecer o fomento da lectura e a mellora na competencia lingüística serían:

- Realización de esquemas e mapas conceptuais.
- Busca do vocabulario descoñecido.
- Incorporación de vocabulario específico científico-tecnolóxico.
- Lectura de fragmentos de textos científicos ou novas aparecidas en xornais e posterior debate.
- Realización de informes escritos das prácticas de laboratorio realizadas.
- Realización de traballos de investigación, ben individuais ou en grupo, que impliquen a búsqueda bibliográfica, a elaboración e a exposición por parte do alumnado.
- Realización de explicacións orais ou escritas na resolución de exercicios.
- Sempre que sexa posible (o tempo é escaso e a programación moi ampla) tentarase que haxa algunha exposición oral dalgún dos traballos de investigación elaborados polo alumnado.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Dispoñemos de pantallas dixitais e portátil en todas as aulas, polo que o uso de material e recursos TIC será habitual no día a día da materia de Física e Química durante o presente curso académico. Empregaranse follas de cálculo e programas de presentacións, formularios, o correo electrónico, plataformas de videoconferencia, simuladores, vídeos e documentais de distintas páxinas web, e tamén, a aula virtual do instituto.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

As actividades realizadas dende o departamento de Ciencias da Natureza en relación ao plan de convivencia son as seguintes:

- Nas nosas clases foméntase **a participación ordenada do alumnado**, incentivando a aprendizaxe de saber escoitar aos demais, pedir a palabra, ceder a palabra, debatir en orde, respectar as diferentes opinións e puntos de vista ao tempo que promovemos a resolución pacífica dos conflitos.
- **Na realización de prácticas de laboratorio en grupo inténtase que todos os compoñentes do mesmo se integren e repartan as tarefas sen conflitos**, ao tempo que todos deben asumir a responsabilidade nos resultados. Deste xeito foméntase a cooperación e os alumnos aprenden a compartir a responsabilidade/mérito dos resultados.

- A incorporación **de actividades de aprendizaxe cooperativa** durante este curso promoverá a mellora da integración do alumnado na aula, fomentará o traballo en equipo e o respecto pola diversidade, promoverá a igualdade e a corresponsabilidade, factores todos eles moi positivos na convivencia.

- Tentamos que **todas as decisións do grupo se tomen por consenso** despois de escoitar todas as opinións, fomentando o espírito democrático e cívico.

- **Periodicamente comentarase co grupo a marcha do curso** facéndoos partícipes da súa e a nosa autoavaliación co fin de resolver os problemas que poidan ter xurdido e cambiar/correxir o que non estea dando resultado (metodoloxía, ritmo das explicacións, etc.)

- Non se tolerarán **ningún tipo de actitudes discriminatorias cara a ningún compañeiro/a**. Préstarase especial atención para detectar posibles casos de acoso escolar.

- **Promoverase especialmente a integración do alumnado con capacidades diferentes**, xa sexan psíquicas ou físicas, alumnado estranxeiro, alumnado homosexual, transxénero ou transexual, ou en xeral, alumnado que polas súas características sociais, persoais, relixiosas, etc. poidan ser máis proclives a seren obxecto de acoso escolar. Fomentárase para elo o coñecemento destas realidades como primeiro paso na evitación de prexuízos.

- **As condutas contrarias á convivencia** que se detecten e non sexan facilmente correxibles dentro da aula serán comunicadas ao Departamento de Orientación e de ser necesario ao Equipo Directivo á maior brevidade posible.

- **Na realización de actividades complementarias propostas polo departamento, incidirase nas normas de convivencia que deben seguir previamente á súa realización.** No caso de que algún alumno/a amose unha mala actitude durante a saída comunicaráselle ao Equipo Directivo para que lle impoña a sanción correspondente.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta avaliación serve para dar pé a posibles modificacións da programación, co obxecto de melloralas, para elo utilizarase como instrumento o cuestionario que se pode ver de seguido, onde se recollen diversos indicadores de logro:

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
5. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
6. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
7. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e/ou dunha avaliación.				
8. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
10. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				

17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

A maiores da avaliación do alumnado, tamén se debe facer unha avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente do profesor, para elo utilizarse como instrumento o cuestionario que se poden ver de seguido, onde se recollen diversos indicadores de logro:

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
3. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
4. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
9. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

18. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/2023.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

4º ESO

Física e Química

Curso 2021/2022

ÍNDICE
<u>1. Introducción e contextualización.</u>
<u>2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.</u>
<u>3. Obxectivos do curso.</u>
<u>4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avialable de:</u> 4.1. Temporalización. 4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia. 4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.
<u>5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.</u>
<u>6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.</u>
<u>7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.</u>
<u>8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.</u>
<u>9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.</u>
<u>10. Medidas de atención á diversidade.</u>
<u>11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.</u>
<u>12. Actividades complementarias e extraescolares.</u>
<u>13. Accións de contribución ao proxecto lector.</u>
<u>14. Accións de contribución ao plan TIC.</u>
<u>15. Accións de contribución ao plan de convivencia.</u>
<u>16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.</u>
<u>17. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.</u>
<u>18. Referencias normativas.</u>

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O CPI do Toural atópase no municipio de Vilaboa, na provincia de Pontevedra. A oferta educativa do centro inclúe a ensinanza infantil, a ensinanza primaria e a ensinanza secundaria obrigatoria (ESO).

No que atinxe á ESO o reparto de grupos sería o seguinte: dous grupos de 1º, dous grupos de 2º, dous grupos de 3º e dous grupos de 4º.

O departamento Física e Química engloba as materias de Física e Química de 2º, de 3º e 4º da ESO.

É un departamento unipersoal constituído por:

Óscar Andrés Méndez Lorenzo: profesor de ensino secundario de Física e Química.

Na táboa adxunta recóllense as materias e cursos que se impartirán.

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Física e Química	2º	2	Óscar Andrés Méndez Lorenzo
Física e Química	3º	3	Óscar Andrés Méndez Lorenzo
Física e Química	4º	1	Óscar Andrés Méndez Lorenzo

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Para o Decreto 86/2015 as competencias clave a desenrolar, que son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego, serán as seguintes:

a) **Comunicación lingüística (CCL):** refírese á habilidade para utilizar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral ou escrito.

b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** a primeira alude ás capacidades para aplicar o razonamiento matemático para resolver cuestións da vida cotiá, a competencia en ciencia céntrase nas habilidades para utilizar os coñecementos e metodoloxía científicos para explicar a realidade que nos rodea, e a competencia tecnolóxica, en como aplicar estes coñecementos e métodos para dar resposta aos desexos e necesidades humanos.

c) **Competencia dixital (CD):** implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información.

d) **Aprender a aprender (CAA):** implica a capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, e traballar de xeito individual ou colaborativo para conseguir un obxectivo.

e) **Competencias sociais e cívicas (CSC)**: fan referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativo e democrático na vida social e cívica.

f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**: implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos.

g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**: implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respetuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas.

A competencia en comunicación lingüística (CCL) desenvolverase procurando que o alumnado sexa quen de comunicar e argumentar con suficiencia, tanto de xeito oral como escrito, empregando para elo a terminoloxía científica adecuada. Ademais farase fincapé na expresión oral levando a cabo exposicións individuais ou grupais, así como na lectura e análise de textos científicos.

A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Para desenrolalas utilizarase a linguaxe matemática aplicada ao estudo dos diferentes fenómenos físicos e químicos, empregarase o método científico, o rexistro, a organización e a interpretación de datos, as representacións gráficas, etc., todo elo co obxectivo de comprender mellor o mundo natural e artificial que nos rodea.

A competencia dixital (CD) desenvolverase a partir do manexo de aplicacións virtuales e simuladores, da utilización das TIC, e do emprego da información científica procedente da Internet.

A competencia de aprender a aprender (CAA) desenrolarase fomentando o pensamento lóxico e crítico dos alumnos, de xeito que lles permita a eles mesmos descubrir, interpretar e comprender aspectos da realidade científica e cotiá.

As competencias sociais e cívicas (CSC) potenciaranse por un lado abordando cuestións e problemas científicos de interese social e medioambiental, considerando as implicacións e perspectivas abertas polas máis recentes investigacións; e por outra banda, fomentando o traballo en equipo, tanto na aula como no laboratorio.

A competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) desenrolarase tomando como punto de apoio o método científico, principalmente nas clases experimentais, pero tamén nas de aula, é dicir, suscitando preguntas, identificando e analizando problemas, emitindo hipóteses fundamentadas, recollendo datos e extraendo conclusións.

A competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC) desenvolverase a partir do coñecemento da herdanza cultural, científica e tecnolóxica, tanto a nivel global como local, buscando a conexión entre a materia e o entorno máis próximo o centro educativo.

3. OBXECTIVOS DO CURSO.

No marco do Decreto 86/2015 defínense os obxectivos como os logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

En base a elo a materia de Física e Química de 4º da ESO contribuirá a desenrolar nos alumnos e nas alumnas, dentro dos obxectivos de etapa da ESO, as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- n) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade

lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAIIABLE DE:

- 4.1. Temporalización.
- 4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- 4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

No seguinte cadro recóllense os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias a ter en conta para desenrolar a materia, convenientemente relacionados. Para os estándares especificanse ademais, a súa temporalización, o grao mínimo de consecución e a forma de avalialos.

A continuación do cadro establécese cal será a temporalización do curso e a secuenciación das unidades didácticas nas que se estruturan os contidos da materia.

Física e Química. 4º de ESO									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización 1ª 2ª 3ª			Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica									
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ f ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Investigación científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento. 	X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico. 	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Investigación científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico. 	X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue entre hipóteses, leis e teorías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última. 	X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> b f g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Principios da hidrostática. B4.8. Física da atmosfera. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB4.14.1. Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Comproba experimentalmente ou utilizando aplicacións virtuais interactivas a relación entre presión hidrostática e profundidade en fenómenos como o paradoxo hidrostático, o tonel de Arquímedes e o principio dos vasos comunicantes. 	<ul style="list-style-type: none"> Escala de valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
			<ul style="list-style-type: none"> FQB4.14.2. Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Interpreta o papel da presión atmosférica en experiencias como o experimento de Torricelli, os hemisferios de Magdeburgo, recipientes invertidos onde non se derrama o contido, etc., inferindo o seu elevado valor. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB4.14.3. Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Describe o funcionamento básico de barómetros e manómetros, e xustifica a súa utilidade en diversas aplicacións prácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Física da atmosfera. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do 	<ul style="list-style-type: none"> FQB4.15.1. Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Relaciona os fenómenos atmosféricos do vento e a formación de frentes coa diferenza de presións atmosféricas entre distintas zonas. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Física e Química. 4º de ESO									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización 1ª 2ª 3ª			Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
		tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.	<ul style="list-style-type: none"> FQB4.15.2. Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo, indicando o significado da simboloxía e os datos que aparecen nestes. 	X			<ul style="list-style-type: none"> Interpreta os mapas de isóbaras que se amosan no prognóstico do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 5. A enerxía									
f	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Enerxías cinética e potencial. Enerxía mecánica. Principio de conservación. B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.1.1. Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica. 	X			<ul style="list-style-type: none"> Resolve problemas de transformacións entre enerxía cinética e potencial gravitatoria, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.1.2. Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica. 	X		<ul style="list-style-type: none"> Determina a enerxía disipada en forma de calor en situacións onde diminúe a enerxía mecánica. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	
f	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.2.1. Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía, distinguindo as acepcións coloquiais destes termos do seu significado científico. 	X			<ul style="list-style-type: none"> Identifica a calor e o traballo como formas de intercambio de enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.2.2. Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo. 	X		<ul style="list-style-type: none"> Recoñece en que condicións un sistema intercambia enerxía en forma de calor ou en forma de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	
f	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Traballo e potencia. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.3.1. Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV. 	X			<ul style="list-style-type: none"> Acha o traballo e a potencia asociados a unha forza, incluíndo situacións en que a forza forma un ángulo distinto de cero co desprazamento, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común, como a caloría, o kWh e o CV. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
f	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Formas de intercambio de enerxía: traballo e calor. B5.4. Efectos da calor sobre os corpos. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.4.1. Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións. 	X			<ul style="list-style-type: none"> Describe as transformacións que experimenta un corpo ao gañar ou perder enerxía, determinar a calor necesaria para que se produza unha variación de temperatura dada e para un cambio de estado, e representar graficamente estas transformacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.4.2. Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico. 	X		<ul style="list-style-type: none"> Calcula a enerxía transferida entre corpos a distinta temperatura e o valor da temperatura final aplicando o concepto de equilibrio térmico. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita Escala de valoración de 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	

Física e Química. 4º de ESO									
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
				1ª	2ª	3ª			
								traballo de investigación	
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.4.3. Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Relaciona a variación da lonxitude dun obxecto coa variación da súa temperatura utilizando o coeficiente de dilatación lineal correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.4.4. Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Determina experimentalmente calores específicos e calores latentes de substancias mediante un calorímetro, realizando os cálculos necesarios a partir dos datos empíricos obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Escala de valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> l l ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Traballo e potencia. B5.5. Máquinas térmicas. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.5.1. Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Explica ou interpreta, mediante ilustracións ou a partir delas, o fundamento do funcionamento do motor de explosión. 	<ul style="list-style-type: none"> Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.5.2. Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Realiza un traballo sobre a importancia histórica do motor de explosión e preséntao empregando as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CMCCT CD CCL CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Máquinas térmicas. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.6.1. Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Utiliza o concepto da degradación da enerxía para relacionar a enerxía absorbida e o traballo realizado por unha máquina térmica. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.6.2. Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC. 		X		<ul style="list-style-type: none"> Emprega simulacións virtuais interactivas para determinar a degradación da enerxía en diferentes máquinas, e expón os resultados empregando as TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> Escala de valoración de traballo de investigación 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CCL

Nota 1: o procedemento de avaliación consistirá en empregar en cada caso o instrumentos de avaliación referido.

Temporalización do curso

O número de horas semanais para a materia é de 3, conforme ao Anexo IV do Decreto 86/2015. Por outro lado, na Orde do 20 de maio de 2022, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o comezo do curso para o 8 de Setembro de 2022 e o remate do mesmo para o 21 de Xuño de 2023.

En base ao anterior o curso terá 30 semanas lectivas (máis 2 semanas adicadas á avaliación final de xuño), sendo o número de sesións de 90, repartidas do seguinte xeito:

- 1º Trimestre: 10 semanas e 30 sesións
- 2º Trimestre: 10 semanas e 30 sesións
- 3º Trimestre: 10 semanas e 30 sesións

Co obxecto de flexibilizar a programación e para facer fronte a posibles imprevistos, non se contabilizará dúas sesión en cada trimestre e ademais preveranse sesións destinadas exclusivamente á avaliación.

O reparto de semanas e sesións farase por bloques tal como segue:

- 1º Trimestre: 30 horas
 - Bloque 1. A actividade científica: 6 horas
 - Bloque 4. O movemento e as forzas: 20 horas
 - Avaliación: 2 horas
 - Imprevistos: 2 horas

- 2º Trimestre: 30 horas
 - Bloque 4. O movemento e as forzas: 8 horas
 - Bloque 5. Enerxía: 5 horas
 - Bloque 2. A materia: 12 horas
 - Avaliación: 3 horas
 - Imprevistos: 2 horas

- 3º Trimestre: 30 horas
 - Bloque 2. A materia: 12 horas
 - Bloque 3. Os cambios: 12 horas
 - Avaliación: 4 horas
 - Imprevistos: 2 horas

Esta asignación desenrolase máis detalladamente a continuación na secuenciación de unidades didácticas.

Secuenciación das unidades didácticas

Trimestre	Bloque	Unidades didácticas	Sesións
1º	1.- A actividade científica	UD1.- Magnitudes e unidades	6
	4.- O movemento e as forzas	UD7.- O movemento	10
		UD8.- As forzas	6
		UD9.- Forzas gravitatorias	4
		UD10.- Forzas en fluídos	6
2º	5.- Enerxía	UD11.- Traballo e enerxía	4
		UD12.- Enerxía e calor	3
	2.- A materia	UD2.- Átomos e sistema periódico	6
UD3.- Enlace químico		6	
UDAnexa.- Formulación		9	
3º	3.- Os cambios	UD4.- Química do carbono	3
		UD5.- Reaccións químicas	9
		UD6.- Exemplos de reaccións químicas	3

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

A estratexia metodolóxica vai a misturar a exposición coa indagación. A exposición por parte do profesor consistirá en presentar ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Complementariamente o alumnado realizará actividades ou traballos de aplicación ou indagación, que posibiliten o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Deste xeito combínase a aprendizaxe de contidos coa de procedementos, e desenvólvense actitudes e valores a partir da reflexión e do esforzo.

Principios metodolóxicos

A metodoloxía empregada vai a estar cimentada na variedade, tendo como principios básicos a alternancia entre o método deductivo, que parte de premisas xerais para chegar a una conclusión particular ou concreta, e o método inductivo, que parte de fenómenos particulares para chegar a conclusións xerais. Ademais terase moi presente o nivel de coñecementos do alumnado e buscarase unha actitude activa pola súa parte.

Secuencia de actividades

Esta metodoloxía levarase a cabo de forma xeral seguindo a secuencia de actividades que se refire a continuación:

- Realización de exercicios, problemas e simulacións. Procúrase deste xeito crear situacións que requiren reflexión, o que axuda a establecer relacións entre conceptos, entre conceptos e procedementos e a valorar diferentes estratexias de actuación. Ademais, coa finalidade de respectar os diferentes ritmos de aprendizaxe, e polo tanto para un mellor tratamento da diversidade, teranse preparadas algunhas actividades de reforzo e consolidación de coñecementos.

- Traballo práctico apropiado. Buscase que os alumnos sexan capaces de comprender, relacionar e aplicar os conceptos científicos abstractos.

- Traballos de investigación. Desta forma inténtase complementar os dous apartados previos, e aparte fomentar a búsqueda de información, a selección da mesma e a súa preparación para ser presentada, conseguindo que os alumnos sexan participativos e cooperativos pero tamén autónomos e críticos. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento, facer uso do compendio de novos coñecementos adquiridos e perseguirse o mostrar a funcionabilidade destes en problemáticas sinxelas que se poden presentar na nosa vida diaria, na ciencia o na técnica.

- Debate. Persegue afianzar a autonomía, o espírito crítico, o respecto e a tolerancia do alumnado. Este debate poderá ter lugar entre alumnos e profesor ou entre os propios alumnos sen participación activa do profesor.

Agrupamentos do alumnado

Os alumnos distribuiranse en parellas a maior parte do tempo, buscando desenrolar o traballo colaborativo sen perder de vista a aprendizaxe individual. Sen embargo, para os traballos de investigación e as prácticas formaranse grupos, de 3 a 5 alumnos por término medio, para fomentar a sociabilidade, a tolerancia e a cooperación, e puntualmente farase un gran grupo de toda a clase para os debates, co obxecto de potenciar a confrontación de ideas, afacéndose o alumno a defender as súas opinións e xuízos de valor con argumentos, e a respetar as opinións dos compañeiros.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A UTILIZAR.

O libro de texto empregado será: Física e Química 4º ESO- Ed. Santillana.

Ademais utilizaranse tamén follas de actividades, exercicios e problemas, textos científicos, literarios e xornalísticos, gráficos...

En canto as TIC, estas xogarán un papel moi importante para o alumno á hora de buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Neste eido empregaranse follas de cálculo e programas de presentacións, formularios, o correo electrónico, plataformas de videoconferencia, simuladores, vídeos e documentais de distintas páxinas web, e tamén, a aula virtual do instituto.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Tipos de avaliación, procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá lugar temporalmente do seguinte xeito:

- **Avaliación inicial:** durante as sesións da primeira semana realizaranse probas escritas ou orais co obxecto de coñecer cal é o nivel de coñecemento da materia do alumnado. As probas cumprimentaranse coa observación e coa recollida de datos do alumno a partir do seu historial académico e da información que poidan facilitar outros profesores. Esta avaliación non será puntuable.

- **Avaliación continua:** desenrolarase ao longo de todo o curso coa finalidade de valorar o progreso do alumnado. Para elo manterase actualizado un rexistro de cada alumno no que se recolleran os datos relativos as probas realizadas, traballos, prácticas e desenvolvemento na aula e no laboratorio.

- **Avaliación final:** terá como obxectivo poder valorar globalmente o aprendido polo alumno e farase a partires dos traballos e probas feitos por este.

A avaliación farase en base aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe que figuran no Decreto 86/2015 para a materia.

Os procedementos que se seguirán para levar a cabo a avaliación serán a observación, a cumprimentación de rexistros e escalas de valoración, e a realización de probas escritas ou exames. Como instrumentos de avaliación empregaranse os rexistros, as escalas de valoración e os exames.

Criterios de cualificación

Para a cualificación teranse en conta os resultados das probas escritas que se realizarán por avaliación, así como o traballo e o desenvolvemento do alumno, de modo que a ponderación, de forma xenérica, será:

- **80%:** promedio das probas escritas, que serán, por termo xeral, dúas por avaliación.
- **10%:** valoración da realización de traballos e prácticas.
- **10%:** valoración do desenvolvemento diario do alumno na aula e no laboratorio.

Para poder aprobar a avaliación a media ponderada deberá ser igual ou superior a 5.

No que atinxe aos exames ou probas escritas:

- Os exames terán unha cualificación positiva cando a nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.

- O seu formato será, por regra xeral, o de exercicios baseados en problemas e/ou cuestións sobre a materia.

- Nas probas indícarase o valor numérico de cada unha das preguntas que as constitúen.

No que atinxe aos traballos e prácticas:

- A presentación de traballos e informes fóra de prazo terá as seguintes penalizacións:
 - 1 día natural de retraso → 25% de desconto na nota acadada.
 - 2 días naturais de retraso → 50% de desconto na nota acadada.
 - 3 días naturais de retraso → 75% de desconto na nota acadada.
 - 4 días naturais de retraso → a nota acadada será un cero.

Recuperacións

A recuperación de avaliacións realizarase da seguinte forma:

- Para a 1ª avaliación: consistirá nunha proba escrita a realizar a comenzos do trimestre seguinte e dará lugar a nova cualificación da avaliación, sempre e cando a nota sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5. A esta proba deberán ir aqueles alumnos que non aproben a 1ª avaliación.
- Para a 2ª avaliación: consistirá nunha proba escrita a realizar a comenzos do trimestre seguinte e dará lugar a nova cualificación da avaliación, sempre e cando a nota sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5. A esta proba deberán ir aqueles alumnos que non aproben a 2ª avaliación.
- Para aqueles alumnos que, rematada a avaliación previa a avaliación final, teñan un promedio das tres avaliacións inferior a 5, as recuperacións das avaliacións suspensas consistirán na realización de probas escritas. Estas probas levaranse a cabo no mes de xuño e darán lugar as novas cualificacións das avaliacións, sempre e cando as notas sexan superiores a xa acadadas. Para poder aprobar cada avaliación a nota da recuperación correspondente deberá ser igual ou superior a 5.

Avaliación final

A cualificación final obterase a partir do promedio das tres avaliacións. Para superar a materia haberá que obter un mínimo de 5 puntos.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non procede.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Durante a primeira semana do curso realizarase unha avaliación inicial ao alumnado co obxectivo de coñecer o seu grao de adquisición das aprendizaxes e das competencias, e de identificar as súas dificultades e as súas necesidades de atención educativa.

O procedemento de avaliación basearase nos seguintes puntos:

- a) análise dos informes individualizados do curso anterior.
- b) detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e a falta de desenvolvemento da competencia correspondente. Para elo recurrirase a realización dunha proba escrita e a observación do alumnado.
- c) coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación personal.

Os resultados obtidos non terán peso na cualificación do alumnado, pero unha vez analizados proporcionarán a información necesaria para tomar as medidas (individuais e colectivas) de reforzo e de atención a diversidade pertinentes.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado.

Acceptando de partida que o nivel dos alumnos non é homoxéneo, debido elo as circunstancias referidas no párrafo anterior, propóñense as seguintes medidas de atención a diversidade:

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, buscando con elo a complementación entre os alumnos que están máis adiantados e os que van rezagados.
- Actividades de consolidación e reforzo de coñecemento nas unidades didácticas.
- Emprego de diferentes recursos e materiais, tales como a información escrita e audiovisual, obxectos manipulables na medida do posible ou as novas tecnoloxías; co fin de tratar de transmitir de diferentes maneiras os coñecementos e poder chegar deste xeito a un maior número de alumnos.

Por outra banda defínese na LOMCE e no Decreto 86/2015 ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo NEAE, como o que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por trastorno por déficit de atención e hiperactividade

(TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

No caso de se detectar algún caso de alumno con NEAE será tratado en estreita colaboración co Departamento de Orientación do centro.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.

No Artigo 4 do Decreto 86/2015 establécense unha serie de elementos transversais ou valores de índole pedagóxica, como poden ser a comprensión lectora, oral e escrita, o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento ou a educación cívica, que deben ser obxecto de tratamento en tódalas materias.

Para para traballar estes elementos, como xa se referiu no apartado de competencias, fomentárase a análise e a elaboración de textos e as exposicións orais, impulsárase o emprego de plataformas de aprendizaxe on-line, procurárase que os alumnos teñen unha actitude participativa e crítica na aula e no laboratorio, e promoveranse os traballos grupais.

O artigo tamén fai fincapé noutros valores cuxo aprendizaxe responde a necesidades sociais, como son a liberdade, a xustiza, a igualdade, a pluralidade, a paz, a democracia, a non discriminación ou a non violencia en xeral, e particularmente a prevención da violencia de xénero e contra persoas con discapacidade.

Para tratar de satisfacer esta demanda educativa en valores sociais potenciarase, sobre todo naquelas actividades propicias para levar a cabo traballos colectivos, a tolerancia, a integración, a solidariedade, o respecto e a cooperación entre o alumnado.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Á hora de programar estas actividades debemos ter en conta, ademais da adecuación ao currículo:

- que non se fixeran con anterioridade en primaria.
- a coordinación, sempre que sexa posible, con outros departamentos.

Por parte da materia de Física e Química prantéxase a posibilidade de organizar algunha charla didáctica no instituto no segundo trimestre, así como de responder a algunha das iniciativas da Xunta que chegan ao centro ao longo do curso.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei Orgánica de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deben elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos

lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias clave.

As actividades programadas para favorecer o fomento da lectura e a mellora na competencia lingüística serían:

- Realización de esquemas e mapas conceptuais.
- Busca do vocabulario descoñecido.
- Incorporación de vocabulario específico científico-tecnolóxico.
- Lectura de fragmentos de textos científicos ou novas aparecidas en xornais e posterior debate.
- Realización de informes escritos das prácticas de laboratorio realizadas.
- Realización de traballos de investigación, ben individuais ou en grupo, que impliquen a búsqueda bibliográfica, a elaboración e a exposición por parte do alumnado.
- Realización de explicacións orais ou escritas na resolución de exercicios.
- Sempre que sexa posible (o tempo é escaso e a programación moi ampla) tentarase que haxa algunha exposición oral dalgún dos traballos de investigación elaborados polo alumnado.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Dispoñemos de pantallas dixitais e portátil en todas as aulas, polo que o uso de material e recursos TIC será habitual no día a día da materia de Física e Química durante o presente curso académico. Empregaranse follas de cálculo e programas de presentacións, formularios, o correo electrónico, plataformas de videoconferencia, simuladores, vídeos e documentais de distintas páxinas web, e tamén, a aula virtual do instituto.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

As actividades realizadas dende o departamento de Ciencias da Natureza en relación ao plan de convivencia son as seguintes:

- Nas nosas clases foméntase **a participación ordenada do alumnado**, incentivando a aprendizaxe de saber escoitar aos demais, pedir a palabra, ceder a palabra, debatir en orde, respectar as diferentes opinións e puntos de vista ao tempo que promovemos a resolución pacífica dos conflitos.
- **Na realización de prácticas de laboratorio en grupo inténtase que todos os compoñentes do mesmo se integren e repartan as tarefas sen conflitos**, ao tempo que todos deben asumir a responsabilidade nos resultados. Deste xeito foméntase a cooperación e os alumnos aprenden a compartir a responsabilidade/mérito dos resultados.

- A incorporación **de actividades de aprendizaxe cooperativa** durante este curso promoverá a mellora da integración do alumnado na aula, fomentará o traballo en equipo e o respecto pola diversidade, promoverá a igualdade e a corresponsabilidade, factores todos eles moi positivos na convivencia.

- Tentamos que **todas as decisións do grupo se tomen por consenso** despois de escoitar todas as opinións, fomentando o espírito democrático e cívico.

- **Periodicamente comentarase co grupo a marcha do curso** facéndoos partícipes da súa e da nosa autoavaliación co fin de resolver os problemas que poidan ter xurdido e cambiar/correxir o que non estea dando resultado (metodoloxía, ritmo das explicacións, etc.)

- Non se tolerarán **ningún tipo de actitudes discriminatorias cara a ningún compañeiro/a**. Préstarase especial atención para detectar posibles casos de acoso escolar.

- **Promoverase especialmente a integración do alumnado con capacidades diferentes**, xa sexan psíquicas ou físicas, alumnado estranxeiro, alumnado homosexual, transxénero ou transexual, ou en xeral, alumnado que polas súas características sociais, persoais, relixiosas, etc. poidan ser máis proclives a seren obxecto de acoso escolar. Fomentárase para elo o coñecemento destas realidades como primeiro paso na evitación de prexuízos.

- **As condutas contrarias á convivencia** que se detecten e non sexan facilmente correxibles dentro da aula serán comunicadas ao Departamento de Orientación e de ser necesario ao Equipo Directivo á maior brevidade posible.

- **Na realización de actividades complementarias propostas polo departamento, incidirase nas normas de convivencia que deben seguir previamente á súa realización.** No caso de que algún alumno/a amose unha mala actitude durante a saída comunicaráselle ao Equipo Directivo para que lle impoña a sanción correspondente.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta avaliación serve para dar pé a posibles modificacións da programación, co obxecto de melloralas, para elo utilizarase como instrumento o cuestionario que se pode ver de seguido, onde se recollen diversos indicadores de logro:

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
5. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
6. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
7. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e/ou dunha avaliación.				
8. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
10. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				

17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

A maiores da avaliación do alumnado, tamén se debe facer unha avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente do profesor, para elo utilizarse como instrumento o cuestionario que se poden ver de seguido, onde se recollen diversos indicadores de logro:

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
3. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
4. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
9. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

18. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/2023.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.